XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Asesoría Xurídica Xeral

XUNTA DE GALICIA
ASESORÍA XURÍDICA XERAL
31 XULL. 2012
ENTRADA Nº.....
SAÍDA Nº. 3402

Remito informe sobre o anteproxecto de Lei de caza de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2012

A directora xeral

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
ASESORÍA XURÍDICA

María Cayetana Lado Castro-Rial

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
01 AGO. 2012
ENTRADA Nº 908
SAÍDA Nº.....

SR. SECRETARIO XERAL TÉCNICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA

I.- ANTECEDENTES

Polo secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicítase informe sobre o anteproxecto de lei de referencia.

II.- OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira.- Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1.a) do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Segunda.- Procedemento

O procedemento de elaboración do anteproxecto iniciouse despois da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Se ben o devandito texto legal regula, nos seus artigos 40 e seguintes, o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, non disciplina o procedemento de elaboración de proxectos de lei.

O procedemento de elaboración de proxectos de lei se recolle de maneira dispersa en varios textos normativos.

Así, debe partirse, en primeiro lugar, do disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Conforme ao artigo 6:

> *"1. A elaboración de disposicións de carácter xeral e de anteproxectos de Lei será iniciada polo Centro directivo correspondente, cos estudos e informes previos que garantan a legalidade, acerto e oportunidade daqueles.*
>
> *2. No oportuno expediente de elaboración conservaranse, xunto coa moción, providencia ou proposta de quen tería a iniciativa, da disposición de que se trate, os dictames e as consultas evacuados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e*

documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da mesma ou poidan facilitar a súa interpretación.

3. Non poderá formularse ningunha proposta de nova disposición sen acompañar ao proxecto a táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignen expresamente as anteriores que han de quedar total ou parcialmente derrogadas."

De acordo co artigo 8:

"1.- Os anteproxectos de leis deberán remitirse a todas as Consellerías con dez días de antelación á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, debendo acompañar co anteproxecto o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e aqueloutros que en cada caso sexan preceptivos."

E de acordo co artigo 16:

"Os anteproxectos de Lei sometidos á Xunta de Galicia irán acompañados dunha exposición de motivos, na que se expresarán sucintamente os que deron orixe á súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma. Figurarán como anexos, cando proceda, a relación de disposicións derrogadas ou modificadas e o correspondente estudo económico e financeiro.

Conforme á Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da Dirección Xeral de Orzamentos. Así, dispón o seu artigo 12:

Un.-A formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custes que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.

Dous.-O contido mínimo da memoria económico-financeira será establecido por orde da Consellería de Facenda.

Tres.-Antes de proceder á súa tramitación, a iniciativa lexislativa, a norma de rango regulamentario e os plans ou programas de actuación, acompañados da correspondente memoria económico-financeira, deberán remitirse á Consellería de Facenda ao obxecto de que a Dirección Xeral de Orzamentos proceda a emitir informe de carácter preceptivo que determine os seus efectos sobre o gasto."

Cómpre indicar que en cumprimento do previsto no apartado dous do precepto transcrito ditouse a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

Ademais e conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

Xunto a estas disposicións de aplicación xeral será precisa a observancia, segundo cal sexa á materia concreta obxecto de regulación, do disposto noutros textos normativos como serían, a título meramente exemplificativo, o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social (no caso de anteproxectos de lei sobre materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, correspondendo inicialmente á consellería ou ao departamento competente para elaborar ou tramitar o anteproxecto de lei o axuizamento sobre se este versa ou non sobre tales materias, debendo ter presente neste punto o disposto no Acordo do Consello da Xunta do 18 de febreiro de 1999) ou o artigo 2 do Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Tendo en conta o exposto, e á vista da documentación achegada pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cabe indicar o seguinte:

- Non se achega o acordo de inicio. En relación con esta cuestión observáse que as memorias que se acompañan (datadas o 12 de decembro de 2011) así como a primeira versión do anteproxecto foron elaborados pola Consellería do Medio Rural, se ben con posterioridade a tramitación seguiuse pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (consellería á que quedou adscrita a Dirección Xeral de Conservación da Natureza en virtude do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

- Achégase memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade do anteproxecto. En relación con ela, e sen prexuízo das observacións que se efectuarán en relación co articulado e que poidan ter unha incidencia directa sobra o contido da memoria, debe advertirse da necesidade de corrixir a referencia ao número de artigos e ás disposicións que conforman a parte final do anteproxecto. No mesmo sentido debería corrixirse a referencia aos artigos da vixente Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. Por máis abastamento, en relación co contido do Título VI non semella axeitado o emprego do termo *"procesual"* para aludir a trámites de carácter administrativo. Así mesmo, debería evitarse o carácter esquemático das últimas páxinas da memoria (relativas ao réxime sancionador), aconsellándose tamén proceder a unha revisión do contido de tales páxinas, no relativo á comparación entre a tipificación de infraccións entre a todavía vixente Lei de caza de Galicia e o anteproxecto, á corrección de erratas así como á redacción definitiva dos tipos infractores recollida no anteproxecto. Por último,

convendría aludir na memoria, aínda que sexa dunha maneira sucinta, ao contido da parte final do anteproxecto.

- Achégase a memoria económico-financeira

- Polo que respecta á táboa de vixencias, recoméndase recoller o título completo do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia así como a sorte que han de correr outras disposicións vixentes en materia de caza (sobre este último extremos nos remitimos ás observacións que se efectuarán á disposición derrogatoria do anteproxecto).

- Achégase copia do anuncio do 23 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, polo que se acorda someter a información pública o borrador do anteproxecto de lei de caza de Galicia.

- Achégase requirimento da Dirección Xeral de Orzamentos para a modificación da memoria económico-financeira.

- Achégase certificado e acta da reunión do Comité Galego de Caza.

- Achégase anuncio do 17 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto de lei de referencia.

- Xúntase o informe da Dirección Xeral de Tributos

- Achégase unha copia das alegacións recibidas

-

- Xúntase certificado de publicación na páxina web da Consellería do Medio Rural

- Achégase informe sobre as alegacións presentadas

- Xúntase certificado de publicación na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

- Achéganse así mesmo unha memoria económica complementaria, o informe da Dirección Xeral de Orzamentos e o informe da Secretaría Xeral de Igualdade

Terceira.- Alcance do anteproxecto

1.- Fundamento competencial

O artigo 148.1.11 da CE establece que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en materia de *" pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial"*.

Pola súa banda, o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia recoñece á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de caza.

A referencia ás normas constitucionais e estatutarias que enmarcan a normativa proxectada quedaría incompleta sen facer mención aos títulos competenciais sobre o medio ambiente (neste sentido o artigo 149.1.23 CE atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de *"Lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección"* e o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de *"normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 ")*. Nesta materia cómpre citar, en especial, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e Biodiversidade.

O Tribunal Constitucional tivo ocasión de advertir o carácter complexo e polifacético que teñen as cuestións relativas ao medio ambiente, que afectan aos máis variados sectores do ordenamento xurídico. Cómbre citar, en especial, a STC 102/1995, do 26 de xuño, na que se resolven seis recursos de inconstitucionalidade contra a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da fauna e flora silvestres e oito conflitos de competencia con motivo dos RRDD 1095/1989, 1118/1989 e 439/1990. A teor da STC citada:

> *"O carácter complexo e polifacético que teñen as cuestións relativas ao medio ambiente determina precisamente que afecte aos máis variados sectores do ordenamento xurídico (STC 64/1982) e provoca unha correlativa complexidade no reparto de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Por iso mesmo, o medio ambiente dá lugar a unhas competencias, tanto estatais como autonómicas, cun carácter metafóricamente «transversal» por incidir noutras materias incluídas tamén, cada unha á súa maneira, no*

esquema constitucional de competencias (artigo 148.1.ª, 3.ª, 7.ª, 8.ª, 10.ª e 11.ª CE) en canto tales materias teñen como obxecto os elementos integrantes do medio (as augas, a atmósfera, a fauna e a flora, os minerais) ou certas actividades humanas sobre eles (agricultura, industria, minería, urbanismo, transportes) que á súa vez xeneran agresións ao ambiente ou riscos potenciais para el. É claro que a transversalidade predicada non pode xustificar a súa «vis expansiva», xa que nesta materia non se encadra calquera tipo de actividade relativa a eses recursos naturais, senón só a que directamente tenda á súa preservación, conservación ou mellora. Como xa dixemos respecto das augas na STC 227/1988 e máis precisamente na STC 144/1985 (RTC 1985\144), os recursos naturais son soportes físicos dunha pluralidade de actuacións públicas e privadas en relación aos cales a Constitución e os Estatutos atribuíron diversas competencias. En tal sentido, temos recoñecido en máis dunha ocasión que un ámbito físico determinado non impide necesariamente que se exerzan outras competencias no espazo (SSTC 77/1982 [RTC 1982\77] e 103/1989] [RTC 1989\103]), podendo pois, coexistir títulos competenciais diversos. Así, xunto ao medio ambiente, os de ordenación do territorio e urbanismo, agricultura e gandería, montes e aproveitamentos forestais, ou hidráulicos, caza e pesca ou comercio interior entre outros. Iso significa, ademais, que sobre unha mesma superficie ou espacio natural poden actuar distintas Administracións públicas para diferentes funcións ou competencias coa inexorable necesidade de colaboración (SSTC 227/1988 e 103/1989) e, por suposto, coordinación. Non só hai que identificar cada materia, pois unha mesma Lei ou disposición pode albergar varias (SSTC 32/1983 e 103/1989), senón que resulta inevitable a continuación determinar, en cada caso, o título competencial predominante pola súa vinculación directa e inmediata, en virtude do principio de especificidade, operando así con dous criterios, o obxectivo e o teleolóxico, mediante a calificación do contido material de cada precepto e a averiguación da súa finalidade (SSTC 15/1989, 153/1989 e 170/1989), sen que en ningún caso poida chegarse ao vaciamiento das competencias das Comunidades Autónomas segundo os seus Estatutos (STC 125/1984)."

E continúa indicando que:

"(...) o carácter complexo e polifacético propio das cuestións relativas ao medio ambiente fai que estas afecten aos máis variados sectores do ordenamento xurídico (STC 64/1982). Iso explica que a competencia estatal sobre esta materia converxa ou concorra poliédricamente con outras moitas autonómicas sobre ordeación do territorio e urbanismo, agricultura e gandería, montes e augas e caza e pesca. Non se dá unha oposición lineal e unívoca senón polisémica e metafóricamente transversal, pr.s un só título competencial incide en moitos outros, moi variados e percute neles. Sen embargo esa incidencia non pode ser tal que permita, ao socaire dunha protección do medio ambiente máis aparente que real, a merma de competencias autonómicas exclusivas e a súa invasión más alá do básico."

En relación concretamente coa caza, sinala a referida sentenza que:

"A caza e a pesca son actividades tan antigas como o home e cunha repercusión que pode chegar a ser nefasta precisamente para as especies máis apreciadas, algunhas desaparecidas e outras ao borde da extinción, nas cales primou sempre o ánimo de lucro, motor da súa perigosidade. Polo dito, cunha concisión que pretende ser expresiva, ten unha influencia directa para a supervivencia da fauna silvestre, como elemento do medio ambiente. Iso lexitima a actuación estatal ao respecto, dentro do marco estrito da súa competencia sobre protección do medio ambiente que lle é propia, a lexislación básica, pero cunha penetración menos extensa e intensa, nunca expansiva ademáis, por topar frontalmente coa competencia exclusiva das Comunidades Autónomas sobre a materia (EA Andalucía, artigo 13.18; EA Aragón, artigo 35.12; EA Baleares, artigo 10.17; EA Cataluña, artigo 9.17; EA Castela e León, artigo 26.1.10.ª; EA Canarias, artigo 2 9.4; EA Galicia, artigo 27.15; EA País Vasco, artigo 10.10) ao amparo da previsión constitucional que permite tal asunción de competencias sobre a pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial (artículo 148.1.11.ª CE), ningunha de cuxas actividades pode atoparse entre as que con carácter exclusivo corresponden ao Estado, a quen só se lle defire a pesca marítima, (artigo 149.1.19.ª). Se trata dun título radicalmente distinto do que respalda a Lei, sen darse entre eles relación alguna de xénero e especie por estar en

planos diferentes e, por iso, lle queda vedado ao Estado internarse na regulación de tales actividades."

A confluencia dos títulos de medio ambiente e caza foi así mesmo analiza na STC 14/1998, do 22 de xaneiro, na que se resolve o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 8/1990, do 21 de decembro, de caza de Extremadura. Sinala a STC citada:

"Aínda que, como alega o Abogado del Estado, a competencia para ditar a lexislación básica en materia de medio ambiente corresponde en exclusiva ao Estado (art. 149.1.23.ª da CE), e además o Estatuto de Autonomía de Extremadura non contiña, ao tempo de plantexarse o presente recurso, un título competencial expreso que permitise a esa Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo das bases estatais que se diten sobre a materia, ***o obrigado respecto por parte desa Comunidade Autónoma á lexislación medioambiental do Estado non lle impedía deseñar e executar unha política autonómica propia en materia de caza e de protección daqueles ecosistemas vinculados diretamente ao seu exercicio, co fin de impedir prácticas abusivas ou incontroladas que puideran poñer en perigo os recursos cinexéticos existentes no seu territorio.*** *Por esta razón,* ***na STC 102/1995 (RTC 1995\102) [fundamento xurídico 24, c)] se afirma que a competencia do Estado sobre medio ambiente tiña «unha penetración menos extensa e intensa cando tiña que convivir coa competencia exclusiva das Comunidades Autónomas sobre a caza e a pesca en augas continentais asumida ao amparo do art. 148.1.11.ª da CE, quedándolle vedado ao Estado internarse na regulación de tales materias*** *(...)"*

A referida sentenza realiza outros pronunciamentos de interese como os seguintes:

"as pezas de caza son unha res nullius cuxa propiedade se adquire mediante ocupación e non un ben accesorio á propiedade dos terreos polos que libremente transitan"

(...) Pola súa banda, o art. 27 da Lei establece unha duración mínima de seis anos prorrogables para todos os contratos de cesión ou arriendo de terreos destinados ao aproveitamento cinexético. Estiman os recorrentes que esta determinación legal do prazo mínimo de duración do contrato supón unha nova restrición da liberdade de contratación recoñecida na lexislación civil do Estado.

Certamente esta disposición legal condiciona a validez dos contratos desa natureza que se celebren, ao ser unha norma de ius cogens , limitativa da duración temporal do vínculo contratual e a súa renovación. Agora ben, ***ao dispoñerse un período mínimo de duración dos ditos contratos, o que se pretende é dotalos de certa estabilidade temporal coa finalidade de impedir que o cambio continuado de titulares ou a variación no destino e aproveitamento de tales terreos perxudique a fauna silvestre existente nos mesmos, e aínda máis, que dificulte a actividade de conservación, ordeación e planificación dese recurso natural dentro da competencia que corresponde á Administración Pública autonómica. Esta medida lexislativa se xustifica, pois, en atención ás peculiaridades propias dos referidos contratos de arriendo ou cesión de terreos en vista da súa explotación cinexética e cos aludidos fins de defensa da caza. Por iso mesmo, non pode considerarse que o citado art. 27 invada a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación civil. Máis ben, se trata dunha medida indirecta de protección medio ambiental destinada a defender, mediante a garantía da devandita limitación legal unha certa estabilidade temporal nos contratos cinexéticos en beneficio da preservación das especies naturais obxecto de caza.***

(...) Resulta imprescindible atender á configuración legal dos denominados ***Gardas de Caza*** *que crea a Lei. Segundo se desprende dos citados arts. 82 e 83, e, en relación con eles, tamén do seu art. 20.5, a), son* ***empregados laborais*** *de obrigada contratación ao servizo dos titulares dos cotos privados de caza, e aos que se esixe unha previa capacitación profesional (superación dunhas probas de aptitude) para o desenvolvemento das súas funcións de vixilancia da caza e de facer observar as disposicións normativas que*

> *regulan a súa práctica.*. ***Os Gardas de Caza non son, pois, nin funcionarios públicos nin axentes da autoridade -condición que a Lei reserva aos Axentes de Medio Ambiente-, senón tan só empregados dos cotos privados de caza aos que se esixe unha previa acreditación administrativa para o exercicio das súas funcións e que, como tales empregados, dependen do titular da explotación cinexética, de acordo coas obrigas que se derivan da relación laboral. É manifesto, pois, que carecen de toda función relacionada co mantemento da seguridade pública e que, ademáis, ao non ostentar a condición de axentes da autoridade, só poderán actuar no cumprimento das súas funcións de vixilancia como meros denunciantes ou colaboradores, impedindo, no seu caso, a práctica da caza dentro do Coto para o que traballen a aquelas persoas que non reúnan os requisitos establecidos pola Lei.***
>
> *Polo tanto, e pese a que a denominación destes empregados especializados en tarefas de vixilancia puidera suscitar algún equívoco, é o certo, á vista do seu réxime legal, que carecen de toda atribución en materia de seguridade pública, polo que non pode apreciarse invasión algunha da competencia recoñecida ao Estado polo art. 149.1.29.ª da Constitución Española."*

Polo que atinxe ao **réxime sancionador** en materia de caza, o TC sinalou, con apoio na doutrina sentada na sentenza 102/1995, anteriormente citada, que *"coa finalidade de garantir uns mínimos comúns de protección do medio ambiente en todo o territorio nacional, o* ***Estado pode establecer con carácter básico un catálogo de infraccións- ampliable polo lexislador autonómico- que en todo caso deberanse considerar sancións administrativas"*** e que *" a protección concedida pola lei estatal pode ser ampliada e mellorada pola lei autonómica; o que resulta constitucionalmente improcedente é que resulte restrinxida ou diminuída"* insistindo, en relación co réxime sancionador incluido na Lei 4/1989 que este *" se ben non cumpre unha función de uniformidade relativa,* ***sí establece unha protección mínima que debe ser común a todo o territorio nacional"*** (SSTC 156/1995, 196/1996, 16/1997 ou 166/2002).

Esta doutrina, referida aos artigos 38 e 39 da derrogada Lei 4/1989 entendeuse igualmente aplicable en relación cos artigos 76 e 77 da vixente Lei 42/2007, do13 de decembro, do Patrimonio Natural e Biodiversidade . Así se desprende da recente STC 7/2012, do 18 de xaneiro, a teor da cal:

> *(...) a STC 102/1995, do 25 de xuño (RTC 1995, 102) , cuxo fundamento xurídico 32, declarou, no que aquí importa,* ***o carácter básico e, por ende, a constitucionalidade das normas de natureza administrativo-sancionadora contidas nos arts. 38 e 39 da Lei 4/1989 cuns criterios que son perfectamente trasladables aos citados arts. 76 e 77 da Lei 42/2007*** *. Igualmente procede recordar que con apoio na doutrina da citada STC 102/1995, nas SSTC 156/1995, do 26 de outubro , e 196/1996, do 28 de novembro , declarou este Tribunal que o Estado, coa finalidade de garantir uns mínimos comunes de protección do medio ambiente en todo o territorio nacional, pode establecer con carácter básico un catálogo de infraccións –ampliable polo lexislador autonómico– sancionables administrativamente que establecen unha protección mínima que debe ser común en todo o territorio nacional.*
>
> ***Así, polo que respecta ao art. 76, o precepto tipifica unha serie de infraccións administrativas todas e cada unha das cales gardan unha relación inmediata, directa e unívoca co medio ambiente sen que o mesmo exclúa ou impida a tipificación doutras condutas polas Comunidades Autónomas mediante normas adicionais e a súa actividade legiferante en desenvolvemento da estatal,***

> ***posibilidade que deixa a salvo desde o seu principio o precepto en cuestión ao facer referencia, mediante a cláusula «sen prexuízo», ao que ao respecto dispoña a lexislación autonómica. O propio cabe dicir das sancións do art. 77 cuxa clasificación xenérica está necesitada por sí mesma dun desenvolvemento lexislativo a cargo das Comunidades Autónomas sendo unha regra mínima, cuxa modulación a través das circunstancias modificativas da responsabilidade queda en mans dos lexisladores e administradores autonómicos para configuralas en normas e aplicalas ao caso concreto, respectivamente sen que tales límites máximos e mínimos das sancións non só poden ter carácter básico (STC 227/1988 [RTC 1988, 227]) senón además que, polo mesmo, «non vacían de contido a competencia legiferante ao respecto» das Comunidades Autónomas (STC 385/1993 [RTC 1993, 385]). Pola súa parte, ao art. 76.2, en punto á obrigada calificación como moi graves das infraccións tipificadas na propia Lei para o caso de que os danos derivados das mesmas superen certos umbrais, lle é aplicable canto respecto á calificación polo art. 39.2 da Lei 4/1989 das infraccións previstas no art. 38.1, 6 e 7 como moi graves, xa sinalamos nas citadas SSTC 102/1995 (RTC 1995, 102) , F. 32, e 156/1995 (RTC 1995, 156) , F. 8, indicando que a dita calificación, que supón que determinadas condutas debían ser sempre consideradas polo lexislador autonómico como infraccións moi graves, non rebasa o ámbito do básico. Por iso tampouco o art. 76.2 rebasa o ámbito do básico na medida en que constitúen un mínimo modulable polas Comunidades Autónomas ás que tamén corresponde (art. 7 da Lei 26/2007, do 23 de outubro , de responsabilidade medioambiental) a avaliación do dano medioambiental derivado da infracción cometida determinante da aplicación da norma estatal."***

Finalmente, cómpre advertir da confluencia do título competencial en materia de caza con outros (como sería o caso, por exemplo, da competencia en materia de lexislación civil) aos que, con máis ou menos detenemento, nos referiremos con ocasión das observacións que efectuaremos ao articulado.

Por último, convén salientar a conexión da materia que nos ocupa con disposicións de Dereito comunitario, entre as que cabe salientar, en materia de protección da fauna silvestre, a Directiva 2009/147/CE, do 30 de novembro de 2009, de conservación das aves silvestres ou a Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

2.- Marco normativo

A normativa vixente en materia de caza na Comunidade Autónoma de Galicia está constituida, en esencia, pola Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia e polo Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia. Cabe citar, así mesmo, o Decreto 117/1983, do 27 de xuño, polo se crea o Comité Galego de Caza, a Orde do 23 de xullo de 2002, pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos e a Orde do 1 de xuño de 2007, pola que se regula o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- OBSERVACIÓNS AO ARTICULADO

Primeira.- Consideracións xerais

Resulta obrigado facer unha referencia xeral á conveniencia de aplicar, na elaboración das normas, uns criterios uniformes de técnica normativa, pois iso redundará en beneficio da claridade dos textos normativos e da súa mellor comprensión polos cidadáns, en xeral, e polo operadores xurídicos, en particular. Neste sentido, aconséllase seguir o exemplo que proporciona a Administración do Estado, en cuxo ámbito existen unhas Directrices de técnica normativa, aprobadas por Acordo do Consello de Ministros do 22 de xullo de 2005. Así, no presente caso e seguindo a liña doutros informes, estas Directrices servirán de fundamento ás observacións que, en materia de técnica normativa, se realizan ao articulado do anteproxecto.

Para rematar con estas consideracións xerais, é preciso efectuar as seguintes observacións xenéricas á totalidade do texto do anteproxecto:

a) A necesidade de corrixir as erratas existentes nel recomendándose tamén un uso máis axeitado dos signos de puntuación co fin de evitar posibles confusións na aplicación e interpretación do texto.

b) O texto debería gañar en precisión e claridade no uso dos termos Xunta de Galicia, Consello da Xunta e Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entendida esta última como a estrutura organizativa, dirixida pola Xunta de Galicia e a persoa titular da súa Presidencia e dotada toda ela de personalidade xurídica única, que serve con obxectividade aos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) En relación á linguaxe empregada, cómpre lembrar que, conforme ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba, as normas xurídicas deben redactarse nun nivel de linguaxe culto pero accesible ao cidadán medio, de maneira clara, precisa e sinxela. Deberá empregarse un repertorio léxico común, nunca vulgar, e se recurrirá, cando proceda, ao emprego de termos técnicos dotados de significado propio; nese caso, engadiranse as descricións que os aclaren e se utilizarán en todo o documento con igual

sentido. Insístese especialmente nesta última recomendación sendo incluso aconsellable a inclusión, entre as disposicións xerais, dun precepto no que se recollan as definicións de determinados conceptos empregados ao longo do texto con fin de facilitar a súa comprensión.

Xunto a iso, a claridade e sinxeleza esixen respectar a orde normal dos elementos da oración, así como evitar todo o que, sen achegar precisións de contido, complique e recargue innecesariamente a redacción da norma. O decoro lingüístico das normas xurídicas obriga, dentro da sinxeleza, a coidar a propiedade e a fuxir da pobreza de expresión.

d) Tal e como se indicará máis polo miúdo nas observacións ao articulado, o texto debería gañar en precisión no que respecta á indicación dos criterios para determinar os órganos competentes en cada caso.

e) Recoméndase que as cifras expostas ao longo do texto se expresen en letra e se evite, así mesmo, o uso de abreviaturas.

f) Por último, en relación coas numerosas remisións a un posterior desenvolvemento regulamentario, aconséllase evitar o uso das denominadas remisións en branco, completando e apurando no posible, no propio texto do anteproxecto, os supostos ou definindo os criterios legais que orienten ou encaucen a regulamentación posterior.

Segunda.- Título

A versión do anteproxecto remitida non leva título que encabece o texto polo que, atendida a documentación obrante no expediente e a denominación que figura na nota interior remitida, o texto debería ir encabezado coa rúbrica: *"Anteproxecto de lei de caza de Galicia"*.

Terceira.- Exposición de motivos

Conforme ás Directrices de técnica normativa, polo que respecta á estrutura, cómpre indicar que a denominación da parte expositiva (EXPOSICIÓN DE MOTIVOS) debe inserirse centrada no

texto. Ademais, atendida a súa extensión, aconséllase dividila en apartados, identificados con números romanos centrados no texto.

Polo que atinxe ao contido, conforme ás devanditas directrices, a parte expositiva da disposición cumpre a función de describir o seu contido, indicando o seu obxecto e finalidade, os seus antecedentes e as competencias e habilitacións no exercicio das cales se dita. Se é preciso resumirá sucintamente o contido da disposición a fin de lograr unha mellor comprensión do texto, pero non conterá partes do articulado. Evitaranse as exhortacións, as declaracións didácticas ou laudatorias ou outras análogas.

Logo de trasladar as anteriores consideracións a este caso, como recomendación de carácter xeral, cómpre indicar que o texto da exposición de motivos debería gañar en precisión e claridade na alusión ao seu contido (incluida unha indicación somera ao contido da parte final), empregando unha linguaxe xurídica axeitada, e, ademais, debería incluirse nel unha referencia á habilitación competencial.

De xeito máis concreto, cómpre indicar:

a) Na referencia á Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, convén facer referencia non só a súa modificación pola Lei 6/2006, do 23 de outubro, senón tamén pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro (que modificou o seu artigo 54).

b) Recoméndose mellorar a redacción do inciso *"A caza constituise como un dereito orixinario que teñen todos/as administrados/as"* co fin de acomodalo ás previsións normativas sobre o exercicio da caza (téñase en conta, fundamentalmente, o disposto no artigo 49 do anteproxecto). Isto mesmo cabe recomendar en relación co inciso seguinte (relativo ao lugares nos que se pode cazar (artigos 8 e seguintes do anteproxecto).

c) Polo que respecta ás citas legais, a primeira cita dun texto normativo tanto na parte expositiva como na parte dispositiva deberá realizarse completa e poderá abreviarse nas demais ocasións sinalando unicamente o tipo, número e ano, no seu caso, e data.

d) Resulta de difícil comprensión a frase: *"A flexibilidade das normas para a caza de especies de caza maior, no caso de xeración de danos".*

e) Debe corrixirse a referencia á estrutura do texto, toda vez que este está constituido por seis títulos, noventa artigos, cinco disposicións adicionais, tres transitorias, unha derrogatoria e unha final.

f) Polo que atinxe á referencia ao contido dos diferentes títulos nos que se divide o texto, remitímos ás observacións que efectuaremos ao articulado, co fin de evitar reiteracións innecesarias.

g) Por último, obsérvase a ausencia da tradicional fórmula promulgatoria, se ben a súa consignación na norma é posterior á súa aprobación pola Asamblea Lexislativa.

Cuarta.- Observacións ao Título I

Debe incluirse no texto a referencia ao Título I e á súa rúbrica, a cal, conforme ao índice, semella ser a de: *"Disposicións Xerais".*

Conforme ás Directrices de técnica normativa, a composición dos Títulos debe realizarse da seguinte maneira:

TÍTULO I

(centrado, maiúscula, sen punto)

Disposicións xerais

(centrado, minúscula, negrita e sen punto)

Esta recomendación reitérase para os diferentes títulos nos que se divide o anteproxecto.

Artigo 1.- Obxecto e finalidade

De acordo coas Directrices de técnica normativa, a composición dos artigos realizarase da seguinte maneira:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

(isto é, a palabra *"artigo"* en minúscula, salvo a primeira letra; citando a palabra completa, non a súa abreviatura, no mesmo tipo de letra que o texto; sen negrita nin subraiado nin cursiva; tras esa palabra, o cardinal arábigo, seguido dun punto e un espazo; a continuación, en cursiva, o título do artigo en minúscula, salvo a primeira letra, e un punto ao final).

A anterior recomendación reitérase para todos os artigos do anteproxecto.

Artigo 2.- Acción de cazar

Obsérvase que a definición da acción de cazar presenta certas diferenzas coa prevista na todavía vixente Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, na lei estatal de caza así como na maioría das leis autonómicas na materia, nas que se inclúe na acción de cazar non só as condutas consistentes en buscar e perseguir, senón tamén as de atraer e acosar ás pezas de caza (cando o certo é que en certas modalidades de caza o anteproxecto alude a estas últimas accións). En consecuencia, aconséllase manter a definición tradicional, máis ampla e descritiva.

Aconséllase mellorar a redacción do primeiro parágrafo de xeito que a referencia aos instrumentos ou medios permitidos se inclúa con carácter previo á descrición das condutas, nos seguintes termos ou similares: *"Para os efectos desta lei, considérase acción de cazar a exercida, mediante o uso de instrumentos e medios permitidos, para (...)"*

No apartado 2 debería precisarse se a exclusión da consideración como acción de cazar das accións preparatorias das cacerías realizadas sen armas limítase soamente ás modalidades colectivas de caza maior, toda vez que a redacción proposta resulta confusa.

Artigo 3.- Obxecto da caza

Poderíase acoutar o disposto no apartado 1 no sentido de incluir a salvidade das especies protexidas, tal e como fan outras leis autonómicas na materia como, por exemplo, a Lei 2/2011, do 17 de marzo, de caza do País Vasco (artigo 3); a Lei 7/2003, do 12 de novembro, de caza e pesca da Rexión de Murcia (artigo 6); a Lei 12/2006, do 17 de xullo, de caza de Cantabria (artigo 9) ou a Lei foral 17/2005, do 22 de decembro, de caza e pesca de Navarra (artigo 8), por citar algúns exemplos e co fin, ademais, de dar cumprimento á normativa en materia de medio ambiente (singularmente, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, en especial o seu artigo 62).

Debería clarexarse a exclusión prevista no apartado 2, en especial, se nela se inclúen os animais salvaxes domesticados así como cando se entende que un animal mantén a condición de doméstico.

Artigo 5.- As especies cinexéticas

Co fin de evitar reiteracións, por razóns sistemáticas aconséllase a regulación, nun só precepto, do disposto nos artigos 3 e 5 do anteproxecto.

No apartado 2 aconséllase empregar a expresión *"especies cinexéticas"*, tendo en conta a recomendación xeral formulada máis arriba en relación co emprego dunha terminoloxía uniforme.

Artigo 6.- A propiedade das pezas de caza.

A regulación deste precepto, en xeral, segue a liña doutras leis autonómicas na materia (agás no que respecta aos apartados 7 e 8) e do artigo 28 da Lei de caza de Galicia.

No apartado 3 debería precisarse o alcance da expresión *"terreos cinexéticos acoutados abertos"*.

O apartado 5 debería formar parte do contido do apartado 4 toda vez que semella ser unha aclaración do disposto neste último (neste sentido pode terse en conta o artigo 61.5 da Lei 14/2010, do 9 de decembro, de caza de Extremadura).

Debería clarexarse o sentido do apartado 7.

O contido do apartado 8 semella máis propio doutro precepto ao non aludir propiamente á propiedade das pezas de caza.

Quinta.- Observacións ao Título II.- Clasificación de terreos.

Aconséllase mellorar a división do Título. Para tal efecto, proponse a inclusión dun precepto inicial (o artigo 7) relativo ás clases de terreos. A continuación, en Capítulos distintos se regularían os terreos cinexéticos e os terreos non cinexéticos. En cada un destes capítulos proponse a inclusión de dous preceptos introdutorios: un relativo ao concepto e outro ás clases e, a continuación, en diferentes seccións se recollería a regulación das diferentes clases de

terreos. Incluso, para o suposto dos terreos cinexéticos de réxime especial, cabería unha división en subseccións.

Por outra banda, os Capítulos IV e V deberían ter outra ubicación sistemática habida conta de que non regulan propiamente clases de terreos.

Por outra banda, convén recordar que, conforme ás Directrices de técnica normativa, a composición dos capítulos realizarase da seguinte maneira:

CAPÍTULO I

(centrado, maiúscula, sen punto)

Terreos cinexéticos e non cinexéticos. Definición

(centrado, minúscula, negrita, sen punto)

E polo que respecta á composición das seccións (no caso de seguir a recomendación exposta), efectuarase da seguinte forma:

SECCIÓN 1ª TERREOS CINEXÉTICOS

(centrado, maiúscula, sen punto)

Estas recomendacións reitéranse para os diferentes capítulos e seccións nas que se divide o texto.

Artigo 7.- Clasificación de terreos

Aconséllase seguir a liña doutras leis autonómicas na materia aludindo a que: *"Aos afectos desta lei, o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia clasificanse en terreos cinexéticos e terreos non cinexéticos"* ou fórmula similar.

Artigo 9.- Terreos non cinexéticos

No apartado 1 resulta de difícil comprensión a referencia ao termo *"resolución administrativa"*. Pénsese, por exemplo, nos refuxios de fauna, cuxa creación, conforme ao disposto no artigo 12.3 do anteproxecto, efectuarase por Orde.

No apartado 2 debería precisarse o significado do inciso: *"Administración competente en materia de caza"* (parece que se está a aludir á Consellería competente en materia de caza, poñendo este precepto en relación co artigo 4 do anteproxecto).

Artigo 11.- Refuxios de fauna

A definición de refuxios de fauna segue a liña doutras leis autonómicas na materia, como as leis de caza de Baleares, Murcia ou País Vasco.

O disposto no apartado 2 debería poñerse en relación co previsto no artigo 9.2 do anteproxecto (pois non semella existir a necesaria correspondencia sendo máis ampla a previsión do artigo 11.2). En todo caso e habida conta de que a regra xeral é a prohibición de caza, aconséllase perfilar máis os supostos nos que a caza poderá ser autorizada (neste sentido pode seguirse a liña do artigo 23.3 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia).

Artigo 12.- A creación de refuxios de fauna

En xeral a redacción do precepto debe gañar en precisión e claridade, mellorando así mesmo a orde das diferentes previsións que a integran. Neste sentido podería seguirse a liña do artigo 23 da Lei de caza e pesca das Illas Baleares ou o artigo 23 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia.

Con carácter máis concreto, no apartado 1 debería precisarse o alcance das expresións *"Administración Pública Galega"* e *" servizo competente en materia de caza da xefatura territorial correspondente"*. Por máis abastamento, o inciso *"na que se xustifique"* debería substituirse polo de *"xustificando"*.

No mesmo apartado 1 a referencia a especies da fauna silvestre suxeitas a un réxime especial de protección non semella compadecerse co previsto no artigo 11.1 do anteproxecto, no que, ao definir os refuxios de fauna, non se recolle esta última precisión.

No apartado 3 debería substituirse o inciso *"haberá de figurar"* polo de *"haberá de incluirse"* ou expresión similar.

No apartado 4 debería precisarse o alcance da expresión *"calquera outras determinacións propias da creación do refuxio de fauna silvestre"*.

No apartado 5, aconséllase empregar unha terminoloxía uniforme na referencia aos *"terreos cinexéticos ordeados"*. Ademais é preciso que se explique o significado das siglas cando aparezan por primeira vez no texto (fóra do título e da parte expositiva), mediante a súa inclusión entre paréntese ou entre comas precedida da expresión *"en adiante"*.

Conforme ás Directrices de técnica normativa, cando se cite un precepto da mesma disposición non deberán empregarse as expresións "da presente lei", "desta lei" ou similar, polo que, no apartado 3, aconséllase a supresión do inciso "desta lei". Esta recomendación reitérase para os restantes preceptos nos que se emprega a mesma expresión.

Por último, aconséllase completar a regulación dos refuxios de fauna cunha previsión similar á contida no artigo 12.2 da todavía vixente Lei de caza de Galicia, en relación coa administración, vixilancia e control dos devandito refuxios.

Artigo 14.- Áreas industriais

O precepto debería dividirse en dous apartados, un relativo ao que se entende por áreas industriais e outro comprensivo das exclusións.

Artigo 15.- Outros terreos non cinexéticos

O segundo inciso do apartado 1 (relativo á sinalización) debería integrar un apartado independente.

Reitérase a recomendación efectuada con carácter xeral en relación coas remisións á potestade regulamentaria, aconséllanse neste sentido, en relación co apartado 2, que se recollan alomenos certos trámites a observar (podendo seguir, neste punto, a liña do artigo 14 da Lei 14/2010, do 9 de decembro, de caza de Extremadura). Neste sentido cómpre ter presente que ao atoparnos ante un suposto de privación do aproveitamento cinexético, é preciso que a norma legal predetermine axeidamente os supostos de feito nos que a autoridade competente poderá basear a súa decisión. Ademais, tendo en conta o carácter restritivo da medida para os particulares, debería establecerse un mínimo procedemento que garanta a audiencia do interesado e as condicións e requisitos da medida.

Artigo 17.- Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.

Aconséllase completar o último inciso do apartado 1 nos seguintes termos ou similares: *"establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan"* (en liña co previsto no artigo 9.3 da todavía vixente Lei 4/1997 e co disposto no apartado 4 do precepto que nos ocupa).

Convén clarexar o réxime dos terreos con superficie igual a cincocentas hectáreas (toda vez que non estarían incluídos nin no apartado 4 nin no 5 deste precepto).

Resulta de difícil comprensión a inclusión, como unha clase de terreo cinexético sometido a réxime común, das zonas de exclusión toda vez que, por definición (artigos 8 e 17 do anteproxecto) o terreo cinexético é aquel no que está permitida a caza. Por máis abastamento, a definición semella próxima á de terreos non cinexéticos (artigos 9 e 11.2 do anteproxecto). En todo caso, deberían delimitarse con maior precisión os supostos nos que poderá ser autorizado o exercicio da caza nestas zonas.

Artigo 18.- Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial

No apartado 1 debería mellorarse a definición do concepto *"titularidade cinéxetica"*. Neste sentido, poderíase seguirse a liña doutras leis autonómicas como a Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia, a Lei de caza de Cantabria ou a Lei de caza e pesca das Illas Baleares, que utilizan e definen o termo de titular cinexético ou titular de dereitos cinexéticos. Tamén a todavía vixente Lei de caza de Galicia adica un precepto (o artigo 6) á titularidade.

Por máis abastamento, e como recomendación de carácter xeral, os termos *"titularidade cinexética"*, *"titular de dereitos cinexéticos"* e *"aproveitamento cinexético"* deberían ser empregados ao longo do texto coa debida precisión toda vez que a súa utilización en varios preceptos resulta confusa.

Artigo 19.- Terreo cinexético ordenado (TECOR)

Conforme ás Directrices de técnica normativa, os artigos non deben ser excesivamente longos. Cada artigo debe recoller un precepto, mandato, instrucción ou regra ou varios deles sempre que respondan a unha mesma unidade temática, non sendo conveniente que os artigos teñan máis

de catro apartados. O exceso de subdivisións dificulta a comprensión do artigo, polo que resulta máis axeitado transformalas en novos artigos.

Trasladando estas consideracións a este caso, recoméndase dividir o precepto en diferentes artigos.

En todo caso, de manter un único precepto, debería gardarse unha orde lóxica entre os diferentes apartados.

No apartado 3 debería mellorarse a redacción do inciso *"polo período polo que se solicite a duración do TECOR"*. Neste sentido podería aludirse á duración do seu réxime especial (artigo 13.2 da Lei 4/1997).

Polo que respecta ao apartado 4, en relación co establecemento dunha duración dos contratos de cesión, remitímonos ao sinalado na STC 14/1998, do 22 de xaneiro, citada máis arriba.

O primeiro inciso do apartado 4 semella ser unha reiteración do previsto no apartado 3. No mesmo apartado, resulta de difícil comprensión o significado do inciso *"Si o/a titular do Tecor require a cesión dos dereitos cinexéticos"* semellando máis axeitado aludir simplemente a *"No caso de cesión dos dereitos cinexéticos"* ou expresión similar. Por máis abastamento, aconséllase recoller a previsión de que a prórroga da cesión dos dereitos cinexéticos sexa expresa (e non tácita). A tal fin recoméndase seguir a liña dos artigos 13.2 e 14.8 da Lei de caza de Galicia así como a mantida pola maioría das leis autonómicas na materia.

No apartado 5 aconséllase substituir o inciso *"as persoas físicas ou outras xurídicas de carácter particular"* polo seguinte ou similar *"ou persoas físicas ou xurídicas de carácter particular"*. Ademais, recoméndase que a referencia aos diferentes tipos de Tecor, en función da titularidade, coincida coa rúbrica dos artigos 22 a 25 do anteproxecto.

O contido do apartado 7 está estreitamente conectado co apartado 2 polo que se aconsella a súa refundición nun único apartado, evitando reiteracións innecesarias e posibles incoherencias.

No apartado 8 debería recollerse a salvidade do artigo 12.5 do anteproxecto.

En relación co apartado 9, reitérase a recomendación efectuada con carácter xeral en relación coas remisións regulamentarias en branco.

No apartado 10 debería clarexarse o significado e alcance do termo *"unións territoriais de Tecores"*.

No apartado 11 debería recollerse a denominación completa dos Plans de Ordenación Cinexética e dos Plans Anuais de Aproveitamento Cinexético (artigos 42 e 43 do anteproxecto). Por máis abastamento, en relación cos primeiros, a súa denominación debería ser uniforme ao longo do texto, toda vez que unhas veces se alude a Plan de Ordenación Cinexética e outras a Plan de Ordenación Cinexético.

Ademais, debería precisarse o criterio para determinar cal será a xefatura territorial competente ante a falta de precisión do termo *"correspondente"*. Esta mesma recomendación se reitera para os restantes preceptos nos que se emprega a mesma expresión.

Artigo 20.- Procedemento xeral de declaración dun Tecor

En liñas xerais, o precepto recolle o disposto no artigo 14 da Lei de caza de Galicia.

No apartado 3 aconséllase a substitución da expresión *"outorgará unha aprobación provisional"* pola de *"ditará resolución de aprobación provisional"* ou expresión similar. Por máis abastamento, debería precisarse en que poderán consistir as medidas que se inclúan na resolución de aprobación provisional. Neste sentido, convén conectar o contido do apartado 3 co disposto no apartado 5 do mesmo precepto.

Debería mellorarse a redacción do último inciso do apartado 5. Así, debería recollerse o prazo máximo de duración do procedemento, desde a súa iniciación ata a notificación da resolución, transcorrido o cal entenderíase autorizada a constitución do Tecor.

No segundo parágrafo do apartado 5 debería substituirse a expresión *"entenderse autorizada a solicitude"* pola de *"entenderse autorizada a súa constitución"* ou expresión similar.

O contido do apartado 6 resulta máis propio do precepto regulador dos plans de ordenación cinexética. Ademais, onde di *"os TECORES"* debería dicir *"os titulares dos tecores"* ou expresión similar.

Debería clarexarse o significado e a redacción do apartado 7 toda vez que a proposta resulta de difícil comprensión.

En relación coa remisión reglamentaria contida no apartado 7 e o disposto no apartado 8, remitímonos á recomendación xeral respecto das remisións regulamentarias en branco. Ademais, no apartado 8, onde di *"haberá de constar polo menos"* debería dicir *"haberá de incluir"* ou expresión similar.

Artigo 21.- Obrigas dos/as titulares dun Tecor

A diferenza do previsto na todavía vixente Lei de caza de Galicia, soamente se regulan as obrigas dos titulares dos tecores e non, con carácter máis amplo, dos titulares de aproveitamentos de terreos suxeitos ao réxime especial.

No apartado 1 debería aludirse á *"resolución de declaración"*, en singular.

No apartado 2 debería falarse de *"Plans Anuais de Aproveitamento Cinexético"* e de Consellería competente en materia de caza.

Recoméndase clarexar o significado e mellorar a redacción do apartado 7.

Artigo 22.- Tecor de carácter autonómico

En liñas xerais o precepto recolle o disposto no artigo 15 da Lei de caza de Galicia.

En relación cos apartados 2 e 3 reitérase a recomendación xeral en relación coas remisións regulamentarias en branco. Ademais, a redacción do apartado 3 resulta confusa polo que se aconsella que gañe en precisión e claridade (podendo seguir, neste sentido, a liña do artigo 15.3 da Lei 4/1997).

Artigo 23.- Tecor de carácter local

En liñas xerais o precepto mantén a redacción do artigo 16 da Lei 4/1997, se ben cómpre efectuar as seguintes recomendacións.

Ao longo do precepto debería empregarse unha terminoloxía uniforme ao aludir aos tecores de carácter local.

En relación coa presunción de cesión (apartado 2), esta xa se recolle na todavía vixente Lei de caza de Galicia así como noutras leis autonómicas (como, por ejemplo, a Lei de caza e pesca das Illas Baleares).

No apartado 3.a) deberían aludirse á *"cesión de dereitos cinexéticos por terceiros/as"*. Na letra b) do mesmo apartado debería evitarse a reiteración do termo *"localización"*. En todo caso, cómpre advertir de que o disposto neste apartado 3 semella ser unha reiteración do previsto no artigo 20.1 do anteproxecto.

Cómpre clarexar a redacción do apartado 7 toda vez que a proposta resulta de difícil comprensión.

Artigo 24.- Tecor de carácter societario

O artigo segue en liñas xerais o disposto no artigo 17 da Lei de caza de Galicia, salvo no que atinxe á reserva de permisos prevista no apartado 4.

No apartado 1 debería completarse o inciso *"acrediten documentalmente"*.

En relación co apartado 3, reitérase a recomendación efectuada respecto do apartado 3 do artigo 23.

Artigo 25.- Tecor de carácter individual

O precepto segue en liñas xerais o disposto no artigo 18 da Lei de caza de Galicia.

En relación co apartado 3 debería terse presente que a presunción á que alude non se recolle soamente no artigo 24.2 senón tamén no artigo 23.2 do anteproxecto.

Artigo 26.- Modificación da base territorial dun Tecor.

Recoméndase substituir a expresión *"base territorial"* pola de *"ámbito territorial"* ou expresión similar. Así mesmo, a expresión que se empregue na rúbrica do precepto debería ser a utilizada tamén no seu contido.

Aconséllase a inclusión dun primeiro apartado relativo á tramitación que deberá seguirse no caso de que se pretenda a modificación do ámbito territorial dun Tecor.

Artigo 27.- Extinción dos Tecor

Aconséllase completar o apartado c) cunha alusión a que na resolución administrativa se impoña a sanción consistente na extinción do Tecor (por coherencia co previsto no artigo 81.2.b) do anteproxecto).

No apartado e) debería aludirse á perda da titularidade dos dereitos cinexéticos.

No apartado h) debería clarexarse a que autorización se está a referir.

Artigo 28.- A facultade de exclusión

Reitérase a recomendación xeral relativa ao emprego con precisión dos termos *"dereitos cinexéticos"* e *"aproveitamento cinexético"*. Por outra banda, a cesión efectuaríase a favor do titular ou titulares do Tecor (non a este).

Aconséllase mellorar a redacción do apartado 2, en especial, no que atinxe ao inciso *"unhas doutras"* así como *"que prohíban a entrada a estes"* (toda vez que no parágrafo se está a aludir a un terreo, en singular).

Por último, sistematicamente, este precepto debería ubicarse como previo ao regulador das causas de extinción dun tecor.

Artigo 29.- As reservas de caza

Reitérase a recomendación efectuada máis arriba en relación coa corrección na situación sistemática dos preceptos.

No apartado 1 debería aludirse a *"Decreto do Consello da Xunta"*.

No apartado 2 convén clarexar o significado da expresión *"administración"* como concepto diferenciado de *"xestión cinexética"*. Para rematar con este apartado, recoméndase empregar o termo completo *"Plan de Ordenación Cinexética"*.

No apartado 3 aconséllase precisar o significado, o alcance e a operatividade do concepto de canon de compensación[1] co fin de poder determinar con claridade a súa natureza xurídica.

---

[1] Trátase dun concepto empregado noutras leis autónomas na materia (como as de Extremadura, Asturias ou Cantabria). A cuestión da natureza xurídica do referido canon foi abordada polo Consello Consultivo de Extremadura no seu ditame 394/2010, do 29 de xullo, sobre o anteproxecto da Lei de Caza de Extremadura. O referido órgano consultivo, no comentario ao artigo 18.3 do anteproxecto, alude que no referido precepto se establecen as indemnizacións aos interesados pola afectación dos seus dereitos cinexéticos e a forma de indemnización de tales dereitos e reconduce a regulación á institución da expropiación forzosa, recordando, ao respecto, que en materia expropiatoria corresponde ao Estado a normación "integra", sen prexuízo de que as Comunidades Autónomas poidan establecer os supostos de expropiación, a "causa expropiandi" (por todas, STC 37/1987, a teor da cal: " é obvio que non só a execución das medidas expropiatorias senón tamén, no seu caso, a definición da concreta causa expropiandi, son competencias que non poden disociarse das que a cada poder público con potestade expropiatoria lle corresponden para a determinación e cumprimento das súas diferentes políticas sectoriais"). De seguirse esta tese, haberán de terse presentes as repercusións que conleva no que respecta ao órgano competente e ao procedemento a seguir. Agora ben,

Polo que respecta ao apartado 4 reitérase a recomendación efectuada respecto das remisión regulamentarias en branco.

Artigo 30.- Vedados de caza

Cómpre mellorar a localización sistemática do precepto tendo en conta a recomendación efectuada con carácter xeral en relación co Título II así como que, de conformidade co disposto no apartado 1, estamos ante superficies integradas nun Tecor.

Xunto ao anterior, aconséllase o emprego dunha terminoloxía uniforme ao longo do precepto.

Por último, en relación co apartado 3, recoméndase delimitar coa suficiente precisión os supostos nos que poderán ser autorizado o exercicio de actividades cinexéticas.

Artigo 31.- Os terreos cinexéticos deportivos

No apartado 3 debería clarexarse a referencia ao 75%, toda vez que neste caso, a diferenza dos Tecores de carácter local e societario, non se recolle a presunción de cesión. Neste sentido o artigo 20 da vixente Lei de caza de Galicia remite, no caso dos terreos cinexético-deportivos, ao réxime previsto para os tecores de carácter particular.

Por máis abastamento, no mesmo apartado 3, aconséllase incluir o inciso *"50 e 250 hectáreas, respectivamente"*.

Por último, reitérase a recomendación efectuada en relación co artigo 29 do anteproxecto respecto da aclaración do significado dos termos *"administración"* e *"xestión cinexética"*.

Artigo 32.- As explotacións cinexéticas comerciais

---

trátase dunha cuestión controvertida, toda vez que outros supostos asimilables teñen sido encauzados a través da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas (así, a título do exemplo, pode citarse o ditame do Consejo de Estado número 975/2008, en relación coa supresión de aproveitamentos cinexéticos de terreos incluídos nun parque nacional).

No apartado 1 convén precisar o alcance da expresión *"empresas mercantís"*. Xunto a iso, cómpre delimitar con maior precisión o propio concepto de explotación cinexética comercial, tendo conta de que, a diferenza do réxime actualmente vixente (conforme ao cal se distingue entre explotacións cinexéticas industriais, comerciais e mixtas – artigo 21 da Lei de caza de Galicia e 9 e seguintes do regulamento de caza), o anteproxecto só alude ás explotacións cinexéticas comerciais.

Artigo 33.- Declaración dunha explotación cinexética comercial

Conforme ás Directrices de técnica normativa, os artigos non deben ser excesivamente longos. Cada artigo debe recoller un precepto, mandato, instrucción ou regra, ou varios deles sempre que respondan a unha mesma unidade temática, non sendo conveniente que os artigos teñan máis de catro apartados. O exceso de subdivisións dificulta a comprensión do artigo, polo que resulta máis axeitado transformalas en novos artigos.

Logo de trasladar estas consideracións a este caso, recoméndase dividir o precepto en diferentes artigos toda vez que nel non só se regula o procedemento para a declaración senón outros aspectos como a superficie mínima, o aproveitamento, as obrigas dos titulares, o exercicio da caza, a sinalización, a obriga de suscrición dun seguro de responsabilidade civil, a organización das cazarías e a actividade e a extinción.

En todo caso, de manterse un único precepto, debería gardarse unha orde lóxica das previsións nel contidas e a súa rúbrica debería recoller unha referencia, concisa pero completa, ao seu contido.

En relación co sentido do silencio administrativo (apartado 2), a súa admisibilidade dependerá de que se xustifique a concorrencia dalgún dos supostos previstos no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O primeiro inciso do apartado 3 supón, en parte, unha reiteración do previsto no apartado 1, polo que se aconsella a súa refundición nun só apartado, co fin de evitar reiteracións innecesarias.

Vólvese a insistir na necesidade de empregar con precisión os termos *"titularidade cinexética"*, "dereitos cinexéticos" e *"aproveitamento cinexético"*, en especial no que respecta ao segundo parágrafo do apartado 3 (a redacción do cal debería mellorarse).

Resulta de difícil comprensión a remisión final contida no apartado 7 toda vez que o propio anteproxecto contén unha regulación ao respecto.

No apartado 8 debería precisarse a alusión ao *"órgano administrativo competente en materia de caza"*.

No apartado 9 a enumeración debería ser pechada e convén clarexar a regulación do exercicio da caza nas explotacións que nos ocupan. Ademais, aconséllase o emprego dunha terminoloxía uniforme en relación coas zonas de aclimatación (artigo 36 do anteproxecto).

No apartado 11 debería aludirse ao titular ou aos titulares das explotacións cinexéticas comerciais.

En relación co apartado 13 reitérase a recomendación relativa ás remisións regulamentarias, insistindo especialmente nela respecto deste apartado toda vez que a precisión da actividade destas explotacións resulta esencial para a súa comprensión.

Artigo 34.- Cercados

Aconséllase corrixir a situación sistemática deste precepto (así como dos dous seguintes, conforme á recomendación xeral formulada en relación co Título II), debendo clarexar se o concepto de cercado do apartado 1 está ou non restrinxido aos terreos cinexéticos.

Artigo 35.- Cercados cinexéticos

No apartado 1 debería clarexarse o concepto tendo en conta, Por máis abastamento, que non semella existir a necesaria correspondencia entre o disposto no artigo 34.2 do anteproxecto e nos apartados 1 e 4 do precepto, toda vez que no primeiro se alude a terreos e no segundo a instalacións e á súa construción.

En relación co apartado 2 reitérase a recomendación efectuada en relación coas remisións regulamentarias en branco, aconsellándose, alomenos, definir no anteproxecto os conceptos de cercados cinexéticos de aproveitamento e de protección.

Recoméndase mellorar a redacción do apartado 5, diferenciando os dous incisos (toda vez que a expresión *"En ningún caso"* só é predicable do primeiro inciso).

Artigo 36.- Zonas de aclimatación

En relación co apartado 3 reitérase a recomendación efectuada respecto do artigo 35.5 do anteproxecto.

Artigo 37.- As zonas de seguridade

Conforme ás Directrices de técnica normativa, os criterios orientadores básicos na redacción dun artigo son: cada artigo, un tema; cada parágrafo, un enunciado; cada enunciado, unha idea.

Trasladando as anteriores consideracións ao presente caso, o apartado 1 do artigo debería dividirse en dous, un relativo á definición da zona de seguridade e outro regulador dos usos prohibidos nela.

Na delimitación das zonas de seguridade advírtese de que, a diferenza da todavía vixente Lei de caza de Galicia e da maioría das leis autonómicas na materia, non se alude no anteproxecto aos camiños.

No apartado 2.a) non se alude ás estradas autonómicas nin ás provinciais, aconséllanse, co fin de evitar posibles omisións, recoller simplemente unha referencia ás estradas convencionais (artigo 2.5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia). Por outra banda, resulta de difícil comprensión á esixencia de que as estradas se atopen debidamente sinalizadas. Ademais, no segundo inciso aconséllase aludir á zona de servidume das estradas e das vías férreas (toda vez que, conforme ao primeiro inciso, o concepto de vía pública abrangue ás vías férreas).

No apartado b) debería mellorarse a redacción do inciso *"incrementado este último"* (podendo seguir, neste punto, a liña do artigo 25 da todavía vixente Lei de caza de Galicia). Ademais, resulta de difícil comprensión o inciso *"3 metros de media na zona de referencia"*.

No apartado c) debería aludirse a *"núcleos de poboación urbanos e rurais"* así como recoller unha remisión ao concepto de zonas habitadas do artigo 13 do anteproxecto. Ademais, debería clarexarse o significado do inciso: *"cen metros en todas direccións"*.

Aconséllase clarexar o alcance do apartado d), en especial, a súa relación co apartado anterior (toda vez que, atendido o concepto de zona habitada do artigo 13 do anteproxecto, semella que se está a incluir no apartado d) supostos de zonas habitadas) así como co concepto de área industrial do artigo 14 do anteproxecto. Para rematar con este apartado, debería clarexarse o significado do inciso *"cen metros en todas direccións"*.

Aconséllase acoutar o alcance do apartado e) fixando, alomenos, os criterios obxectivos aos que deberá axustarse tal declaración. Por máis abastamento, dado o carácter permanente de tal declaración, aconséllase que a competencia para a súa declaración se atribúa ao titular da Consellería competente en materia de caza.

No apartado 3 debería correxirse a referencia duplicada ao termo *"canles"*.

Por máis abastamento, debería clarexarse a relación entre o último inciso do apartado 1 (no que se alude á posibilidade de ter autorización expresa) e o disposto no apartado 3 (autorización presunta). Ademais, tendo en conta as características das zonas de seguridade, debería ponderarse a posible existencias de razóns imperiosas de interese xeral para que o silencio administrativo sexa negativo (artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). No caso de entenderse así, tales razóns deberán ser explicitadas no expediente.

Para rematar con este apartado, recoméndase que no último inciso se aluda a *"órgano competente para a súa tramitación"* (artigo 42.3.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Respecto do apartado 5, aconséllase acoutar o seu alcance cunha referencia a que a solicitude de declaración como zona de seguridade dun determinado lugar farase cando concorran as circunstancias previstas no apartado 1 do artigo (en liña co previsto no artigo 25.3 da vixente Lei de caza de Galicia).

Artigo 38.- As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría

No apartado 2 debería evitarse a reiteración do inciso *"quedará separada"*. Para rematar con este apartado, a referencia ao Tecor propón a cuestión (que debería clarexarse) de se soamente cómpre falar da existencia destas zonas en tales terreos (tal e como se prevé no artigo 8 do vixente regulamento de caza).

Artigo 39.- Zonas de caza permanente

No apartado 2.d) debería recollerse a denominación completa: *plan anual de aproveitamento cinexético"*.

Artigo 40.- A sinalización dos espazos cinexéticos

Aconséllase empregar unha terminoloxía uniforme. Así, na rúbrica do precepto debería aludirse a *"terreos cinexéticos"*.

No apartado 1 debería dicir *"sometidos a réxime especial"*, toda vez que se está aludindo aos terreos. No mesmo apartado recoméndase eliminar o inciso final (remisión regulamentaria) toda vez que vén ser unha reiteración da remisión efectuada, con carácter xeral, no apartado 4.

Sexta.- Observacións ao Título III.- A ordenación e aproveitamento cinexéticos

Recoméndase corrixir a rúbrica do título nos seguintes termos ou similares: *A ordenación e o aproveitamento cinexéticos.*

Na medida en que no Título se regulan diferentes cuestións, aconséllase a súa división en capítulos diferenciados.

Artigo 41.- A ordenación da caza

En relación co apartado 1, reitéranse as recomendacións efectuadas máis arriba respecto da denominación dos Plans de Ordenación. Xunto a isto, aconséllase substituir o inciso *"se constituirá como norma de obrigado cumprimento a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética"* polo seguinte ou similar *"será de obrigado cumprimento para o ordeado desenvolvemento da actividade cinexética"*, toda vez que non nos atopamos ante unha norma xurídica.

No apartado 2 debería precisarse o sentido do inciso *"dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente"*. E, polo que respecta ao sentido do silencio, debería xustificarse a concorrencia dalgún dos supostos previstos no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (noutras leis autónomicas, como a Lei de caza de Cantabria, a regra é precisamente a contraria, isto é, a do silencio positivo, de acordo co disposto no seu artigo 42.6). Por máis abastamento, o prazo máximo previsto debería ser para ditar e notificar a resolución.

Artigo 42.- Plan de Ordenación Cinexético

Reitérase a recomendación efectuada en relación coa uniformidade na denominación do plan.

Non se comprende a relación entre o segundo inciso do apartado 1 e o apartado 2 toda vez que os dous apartados semellan referirse ao contido mínimo do plan. De ser así, deberían refundirse nun único apartado no que se aluda a que o Plan deberá ter, como mínimo, o seguinte contido (ou expresión similar). Ou ben, de manterse dous apartados diferenciados, aconséllase que no apartado 2 se aluda a que: *"Incluiranse así mesmo"* (en liña co previsto no artigo 44.2 da vixente Lei de caza de Galicia).

No apartado 2.c) resulta de difícil comprensión o último inciso xa que o artigo 43.3 do anteproxecto alude precisamente á necesidade de revisión do plan (o que se entende que sería necesario precisamente por falta de debida previsión correctora no correspondente plan).

En relación co apartado 2.h) reitérase a recomendación efectuada respecto das remisións regulamentarias en branco.

Artigo 43.- Plan Anual de Aproveitamento Cinexético

Conforme ás Directrices de técnica normativa, a rúbrica dos artigos debe facer referencia ao seu contido. Así mesmo, en cada artigo deberá regularse un tema.

Trasladando as anteriores consideracións a este caso, pode observarse que no precepto regúlanse diversas cuestións e, propiamente, ao plan anual de aproveitamento cinexético só alude o apartado 1, pois os restantes apartados se refiren tanto a este como ao Plan de Ordenación Cinexética. En consecuencia, aconséllase a regulación en preceptos diferenciados das distintas materias abordadas no artigo que nos ocupa.

Xunto ao anterior, en relación co apartado 1, reitérase a recomendación efectuada en relación coas remisións regulamentarias en branco, aconsellándose recoller alomenos no texto do anteproxecto unhas pautas mínimas a desenvolver regulamentariamente.

Recoméndase a supresión do apartado 2 habida conta da existencia dun título específico regulador do réxime sancionador. En todo caso, de manterse, o disposto neste apartado debería acomodarse ao previsto no Título VI, en especial, no que atinxe ao inciso " *incumprimento non xustificado*".

No apartado 3 aconséllase delimitar os criterios a ter en conta na decisión de suspensión da actividade cinexética.

En relación co apartado 4 aconséllase que o concepto de desaxuste grave se prevea no propio texto legal ou cando menos se contemplen criterios para a súa determinación, en lugar de efectuar unha remisión en branco ao regulamento.

Artigo 44.- Desenvolvemento e execución da ordenación

No apartado 1 reitérase a recomendación en relación coas remisións regulamentarias en branco. Xunto a iso en lugar de *"deberá entregar"* debería aludirse a *"deberá presentar"* ou expresión similar e aconséllase precisar ante quen deberá presentarse a memoria, concretando así o alcance da expresión *"á Consellería competente en materia de caza"*. Isto último reitérase en relación co apartado 2.

Aconséllase acoutar os termos do apartado 3 toda vez que a redacción proposta (*"poderá supoñer"*) semella conferir unha excesiva discrecionalidade na denegación da aprobación do plan.

Artigo 45.- Das repoboacións cinexéticas

O precepto debería divirse en varios apartados, de acordo coas Directrices de técnica normativa, conforme ás cales en cada parágrafo debe recollerse un enunciado e cada enunciado debe contemplar unha idea.

En materia de repoboacións debería terse presente o disposto no artigo 62.3.i) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Aconséllase precisar que o *dies a quo* do cómputo do prazo é o correspondente á presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación (artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Polo que respecta ao sentido do silencio, debería xustificarse a concorrencia dalgún dos supostos do artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Por máis abastamento, o prazo máximo debería ser para ditar e notificar a resolución.

Artigo 46.- Regulación da tempada anual de caza

O precepto reproduce no substancial o disposto no artigo 42 da vixente Lei de caza de Galicia, se ben cómpre efectuar as seguintes recomendacións.

O texto debería gañar en precisión e claridade, en especial na delimitación do alcance dos incisos *"limitacións"*, *"réximes especiais necesarios"* e *"normativa aplicable aos terreos cinexéticos"*. Xunto a iso, por razóns de seguridade xurídica, aconséllase substituir o inciso *"coa suficiente antelación"* pola referencia concreta a unha antelación mínima.

Artigo 47.- A xornada hábil de caza

Conforme ás Directrices de técnica normativa en cada artigo debe regularse un tema e, no precepto que nos ocupa, regúlase tanto a xornada hábil de caza como a finalización da actividade cinexética. En todo caso, de manterse a regulación de ambos aspectos nun só precepto, aconséllase que a súa rúbrica recolla unha referencia, concisa pero completa, ao seu contido.

A redacción proposta do apartado b) semella conlevar unha excesiva discrecionalidade, polo que deberían precisarse máis os termos nos que poderá darse por concluída a cacería en tal caso. Por máis abastamento, aconséllase substituir o inciso inicial por unha referencia a conduta que poida ser constitutiva de infracción grave ou expresión similar. Ademais, resulta de difícil comprensión que non se aluda tamén ao suposto de presunta comisión de infraccións moi graves.

Sétima.- Observacións ao Título IV.- O exercicio da caza

Artigo 48.- Definición de cazador/a

Sistemáticamente, as definicións deberían recollerse no Título I, entre as disposicións xerais.

A rúbrica do precepto non se corresponde co seu contido, onde se regulan outras materias, ademais da definición de cazador.

Polo que respecta ao apartado 1 aconséllase substituir o inciso "requisitos legais" polo máis preciso *"requisitos esixidos polas leis e disposicións de aplicación"* (tal e como fai o artigo 3.1 da

todavía vixente Lei de caza de Galicia e habida conta das remisións efectuadas no artigo 49 do anteproxecto).

Artigo 49.- Requisitos para o exercicio da caza

No apartado 1.c) debería precisarse que se trata de caza con armas. Ademais, aconséllase mellorar a redacción do último inciso do primeiro parágrafo de xeito que a cobertura se estenda á responsabilidade civil na que poida incorrer o cazador con armas con ocasión da acción de cazar (artigo 1 do RD 63/1994, do 21 de xaneiro) ou expresión similar.

O disposto nos apartados 1.d) e 1.e) semella ser unha reiteración do previsto con carácter xeral no apartado 2. Neste sentido, o artigo 45.1 da vixente Lei de caza alude a *"estar en posesión* " e *"posuír"*, co fin de distinguir entre os requisitos para o exercicio da caza e as obriga de portar a documentación.

Na cláusula 1.g) debería incluirse un verbo no inciso inicial ("Ter" ou "Dispoñer", por exemplo) e corrixirse o último inciso toda vez que a expresión "normativa aplicable" xa abrangue ás leis. No caso de estarse a referir ao anteproxecto, debería entón aludirse a "esta lei ou a normativa aplicable".

Artigo 50.- Licenzas. Vixencia e clases

Por coherencia co contido do precepto, na rúbrica debería aludirse a *"validez"* en lugar de vixencia.

No apartado 1 aconséllase aludir á Comunidade Autónoma de Galicia (en lugar de só ao termo Galicia).

En relación cos apartados 3 e, especialmente, o 5 e 6, reitérase a recomendación efectuada en relación coas remisións regulamentarias en branco, máxime cando na propia rúbrica do precepto se alude como contido deste á vixencia (validez) e clases.

En relación co apartado 4, nas relacións entre Comunidades Autónomas o termo *"reciprocidade"* non semella o máis axeitado (por todas, STC 132/1998, do 18 de xuño), sendo aconsellable a substitución do devandito termo polo de colaboración ou similar.

Ademais debería clarexarse a relación entre o primeiro e o segundo parágrafo do apartado 4 toda vez que non semellan aludir ao mesmo suposto. Neste sentido resulta máis clara a redacción doutras leis autonómicas na materia como a prevista no artigo 28.4 da Lei 12/2006, do 17 de xullo, de caza de Cantabria (coa salvidade anteriormente exposta en relación co emprego do termo *"reciprocidade"*), ao distinguir entre os supostos de homologación e os consistentes en facilitar a obtención das licenzas de caza.

Ademais, debería especificarse a relación entre o disposto no apartado 4 e no apartado 6 (no que semella aludirse a un recoñecemento automático). Por máis abastamento resulta de difícil comprensión o inciso: *"Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licenzas de caza (...)"*. Neste sentido resultan máis claros os termos nos que se pronuncian outras leis autónomicas como a Lei de caza e pesca das Illas Baleares (artigos 29.11 e 30.5) ou o artigo 71.6 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia (coa salvidade indicada en relación co principio de reciprocidade nas relacións entre Comunidades Autónomas).

Neste último apartado a referencia aos cazadores extranxeiros debería completarse co disposto nos tratados e acordos internacionais e na normativa que poida resultar aplicable (neste sentido debe terse presente a competencia do Estado en materia de relacións internacionais, *ex* artigo 149.1.3 CE).

En relación co apartado 7 recoméndase que figuren no expediente as razóns polas que non se esixe ás persoas nel citadas a posesión de licenzas de caza nin seguro de responsabilidade civil. Neste sentido, para o suposto dos batidores, olladores e canceiros, a non esixencia de licenza se recolle no artigo 41 do vixente regulamento de caza se ben engadíndose o inciso *"cando actúen como auxiliares das cacerías"*. Na mesma liña, o artigo 34.3 da lei estatal inclúe o inciso *"que asistan en calidade de tales"*.Tamén cómpre citar, no mesmo sentido, o artigo 29.4 da Lei de caza e pesca das Illas Baleares.

No mesmo sentido, aconséllase incluir no expediente a xustificación da previsión contida no apartado 8. Ademais, atendida a definición do artigo 48.1 do anteproxecto así como os requisitos para o exercicio de caza, non semella axeitado o emprego no apartado 8 do termo cazador para aludir ao que non dispón de licenza de caza.

Artigo 51.- Das persoas inhabilitadas para obter a licenza

Aconséllas substituir a rúbrica do precepto por outra como a empregada no artigo 11 da Ley foral de caza e pesca de Navarra, na que se alude ás circunstancias impeditivas para a obtención da licenza.

Na primeira liña do precepto debería decirse: *"dereito á súa renovación"*.

No apartado c) aconséllase suprimir o inciso *"ou normas que a desenvolvan"*, en aras do respecto ao principio de legalidade en materia sancionadora.

Artigo 52.- Retirada e suspensión da licenza

O contido do apartado 2 resulta máis propio do Título no que se regulan as medidas provisionais (de feito esta previsión xa se recolle no artigo 74.3 do anteproxecto). Por máis abastamento, a expresión *" poderá suspender cautelarmente a validez da licenza"* debería substituirse polo máis preciso *" poderá acordar cautelarmente a suspensión da licenza"* ou expresión similar. Ademais, aconséllase recoller os supostos nos que se poderá facer uso desta facultade de suspensión, co fin de evitar unha excesiva discrecionalidade (neste sentido debe terse presente o disposto no artigo 74.3 do anteproxecto). Para rematar con este apartado, o termo falta debería substituirse polo de infracción.

O primeiro inciso do apartado 3 debería redactarse nos seguintes termos ou similares: *"En caso de imposición da sanción de retirada da licenza de caza por comisión dunha infracción moi grave"* e aconséllase substituir o termo *"recuperar a licenza"* polo de *"obter novamente a licenza"* ou expresión similar (en liña, por ejemplo, co artigo 73.3 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia).

Artigo 53.- Deberes do/a cazador/a

O terceiro inciso do apartado 1 debería configurarse como un apartado independente, de xeito que no primeiro apartado se contemple o réxime de aplicación xeral e no segundo apartado se recollan certas disposicións específicas para a caza con armas.

O disposto no apartado f) debería recollerse con carácter xeral, e non soamente para o suposto de caza con armas.

Artigo 54.- A responsabilidade dos/as cazadores/as

O precepto segue, en parte (e de xeito máis confuso) a liña do artigo 40 do vixente regulamento de caza. Como se indica neste último precepto, trátase de determinar a correspondente responsabilidade en vía administrativa polo que a súa situación sistemática debería ser no Título relativo ao réxime sancionador, no que, tal e como se indicará con posterioridade, bótase en falta un precepto regulador dos suxeitos responsables. Por máis abastamento, aconséllase completar o precepto en liña co citado artigo 40 do regulamento de caza, tendo en conta os diferentes tipos infractores previsto no anteproxecto co fin de recoller de xeito completo aos diferentes suxeitos responsables, segundo os casos.

Novamente advertimos da conveniencia de recoller no anteproxecto a definición de conceptos como serían, neste caso, os de responsable da cazaría e organizador nomeado polo titular.

No apartado 4 debería clarexarse o alcance da expresión *"explotacións cinexéticas"*. Ademais, no inciso inicial, onde di *"A mesma consideración terán"* debería dicir *"Terán a consideración de "*.

No apartado 5 debería precisarse o alcance da expresión *"autorizacións necesarias para o exercicio da caza"* (se se está a aludir ou non a todas as previstas no artigo 49 do anteproxecto). Así mesmo debería mellorarse e clarexarse a redacción do último inciso *"dentro de ámbito de actuación"*.

Artigo 55.- A responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinexéticas

Na medida en que non todos os supostos previstos no artigo corresponden á institución da responsabilidade patrimonial, aconséllase que na rúbrica do precepto se aluda simplemente á responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas.

Polo que respecta ao apartado 1 aconséllase manter a redacción do artigo 23.1 da vixente Lei de caza de Galicia de modo que se aluda específicamente á responsabilidade en accidentes de tráfico ocasionados polo atropelo de especies cinexéticas, tal e como se contempla na normativa estatal (en concreto, na DA9ª do Texto Articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo).

En relación coa responsabilidade prevista no apartado 2 cómpre lembrar o disposto na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 9/2003, do 13 de marzo, a teor da cal:

> *A competencia exclusiva que ditas CC AA teñen en materia de caza propicia que a lexislación autonómica poida regular certas especificidades de orde civil derivadas da particularidade que a Lei conteña en relación á Lei Estatal de Caza de 1970 por ser inseparables da caza certos conceptos e institucións civís por moi administrativizada que na actualidade se encontre dita materia, sempre, claro está, que non invada, dentro deste marco tan específico e delimitado, a competencia reservada en exclusiva ao Estado en materia de lexislación civil que se contempla no art. 149.1.8 CE . Esta, aínda cando no estea especificamente sinalada no citado precepto, se limita en orde á responsabilidade civil extracontratual, segundo a doutrina científica que estima debe incluirse esta no marco reservado exclusivamente ao Estado, as normas básicas que a regulan, por extensión da expresión «base das obrigacións contratuais», polo que no punto que nos ocupa, as CCAA poden lexislar sobre a responsabilidade civil, cando o esixan as particularidades da súa lexislación en materia de caza, sempre que non se extralimiten regulando de maneira distinta o esquema básico común para todo o Estado.*
>
> *No caso concreto do art. 23 da Lei de Caza de Galicia, e sen prexuízo do dito con anterioridade sobre as CCAA con competencias en materia de dereito civil que esixiría un estudio máis minucioso da cuestión, pero que non se fai necesario por superfluo, pode afirmarse que non se aparta do esquema básico regulador da responsabilidade civil extracontratual que deriva do disposto no art. 1902 e seguintes do Código Civil , da súa interpretación xurisprudencial e da lexislación especial do Estado que recollen normas deste orde (pode afirmarse así mesmo, como fai a maioría da doutrina, que as normas ao respecto das Leis autonómicas non difiren no esencial do disposto no art. 33.1 da Lei de Caza do Estado de 4-4-1970), polo que, ao non regular a dita responsabilidade civil quebrantando os principios básicos que a rexen, o que si sería invadir as competencias exclusivas do Estado na materia, podemos concluír que a norma en cuestión, art. 23 LCG , non ofrece para esta Sala dúbidas sobre a súa constitucionalidade (...)*

E como lembra a STSXG 15/2005, do 22 de abril:

> *Nesa súa STSX (Galicia) 9/2003, do 13 de marzo (RJ 2003, 4488) , a Sala se pronunciou acerca do alcance da responsabilidade que o artículo 23.1 LCzG predica de «os titulares dos aproveitamentos cinexéticos en terreos suxeitos a réxime especial» respecto de «os danos e lesións ocasionados por especies cinexéticas procedentes deses terreos» (entre os que están comprendidos os Tecor ou terreos cinexéticamente ordeados: artigo 9.2 LCzG). Dixemos naquel entonces algo que neste momento corroboramos coa finalidade primordial de apuntar ao centro da nosa decisión: a responsabilidade de tipo obxectivo que o artigo 23.1 LCzG consagra en liña co artigo 33.1 LCzE «se basa...na idea... do aproveitamento da caza, de forma que quen aproveita esta debe responder dos danos que cause...», xustamente como contrapartida ao beneficio obtido.*

Por outra banda, no apartado 2 debería engadirse o inciso "*nos demais casos*" co fin de deixar a salvo o previsto no apartado 1 (tal e como fai o artigo 23 da vixente Lei de caza de Galicia).

No apartado 3 resulta de difícil comprensión a limitación á responsabilidade por danos agrarios aconsellándose aludir xenéricamente a "danos" (tal e como fai o artigo 23.3 da vixente Lei de caza de Galicia).

En relación coa alusión a terreos de aproveitamente cinexético común reitérase a recomendación de empregar unha terminoloxía uniforme.

En relación co apartado 4 debe terse presente que o artigo 149.1.18ª CE atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de *"sistema de responsabilidade de todas as Administracións Públicas"*. En relación con este título competencial, resulta de interese o indicado no Ditame número 3/1993 do Consejo de Estado en relación co proxecto do Real Decreto polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, conforme ao cal:

> *O artigo 149.1.18ª da Constitución, ao referirse ao sistema de responsabilidade, está propugnando, e atribuíndo á competencia do Estado, o establecemento dun sistema común de responsabilidade de todas as Administracións Públicas, isto é, a estatal, a autonómica e a local. (...)*
>
> *O Título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro, contén as previsións definidoras e reguladoras dese sistema común (artigos 139 e seguintes). Certo que o procedemento é unha peza substancial dese sistema e que, por ende, a regulación do procedemento que se contén na indicada Lei, é tamén parte integrante do sistema común, vinculante por tanto para todas as Administracións Públicas, e entre elas, das Comunidades Autónomas, non pode empero levar a tal grao de esgotamento na materia que exclúa todo ámbito competencial das ditas Comunidades, claro é, que quede preservado o contido da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Considera o Consejo de Estado que as observacións formuladas neste punto por algunhas Comunidades Autónomas, deberan ser atendidas, para o cal a redacción que propón o Goberno Vasco parece, nas súas liñas de conxunto, acertada, aínda que debera matizarse con dúas precisións: unha, referida a que se preserve o contido daquela Lei, e outra, que a introdución de normas procedimentais emanadas das Comunidades Autónomas, se constriña a aquelas que de acuerdo co seu propio Estatuto ou equivalente Lei Foral Navarra, teñan asumidas competencias en materia de responsabilidade patrimonial.*

Coa redacción proposta no apartado 4 do anteproxecto introdúcese unha esixencia non prevista na normativa estatal para a reclamación de responsabilidade patrimonial á Administración autonómica (e soamente para o suposto específico da derivada de danos causados por especies cinexéticas) polo que, en atención ao exposto, aconséllase, seguindo a liña das leis autonómicas na materia de caza, recoller unha mera remisión ao réxime xeral en materia de responsabilidade patrimonial da Administración (en esencia, Título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro e RD 429/1993, do 26 de marzo). Por máis abastamento, a finalidade que se persegue (comprobación e valoración dos feitos) podería conseguirse xa coa regulación vixente (pénsese, neste sentido, na regulación contida no artigo 7 do RD 429/1993, do 26 de marzo).

Pese a que no apartado 4 se alude á responsabilidade patrimonial, a recomendación da supresión da esixencia prevista nel estenderíase tamén no caso de que se estivese aludindo a todos os supostos de responsabilidade previstos no artigo que nos ocupa (no que, como indicamos anteriormente, e pese ao disposto na rúbrica do precepto, non só se regulan supostos de responsabilidade patrimonial). E iso porque, nos supostos de responsabilidade civil extracontratual, atendido o carácter imperativo do precepto, parece que se estaría introducindo unha esixencia previa ao exercicio da correspondente acción non prevista na lexislación

procesual (artigo 149.1.6 CE e doutrina do Tribunal Constitucional en relación a este título competencial fundamental a recollida na STC 47/2004, de 25 de marzo. A saber: 1º) A atribución ao Estado da competencia exclusiva sobre lexislación procesal responde á necesidade de salvagardar a uniformidade dos instrumentos xurisdiccionais. 2º) A competencia asumida polas Comunidades Autónomas ao amparo da salvedade recollida no artigo 149.1.6 CE non lles permite, sen máis, introducir no seu ordenamento normas procesuais polo mero feito de ter promulgado regulacións de Dereito substantivo no exercicio das súas competencias, senón que as singularidades procesuais que se permiten ás Comunidades autónomas han de limitarse a aquelas que, pola conexión directa coas particularidades do Dereito substantivo autonómico, veñan requiridas por estas, correspondendo ao lexislador autonómico ou, no seu defecto, a quenes asuman a defensa da lei no seu caso impugnada, ofrecer a suficiente xustificación sobre a necesidade de alterar as regras procesuais comunmente aplicables por vir requiridas polas particularidades do Dereito substantivo autonómico, salvo que do propio exame da lei se poidan desprender ou inferir esas «necesarias especialidades». Esta doutrina foi reiterada na recente STC do 16 de febreiro de 2012). Tampouco semella clara a súa xustificación desde a perspectiva da competencia da Comunidade Autónoma para lexislar en materia de responsabilidade civil, como particularidade da lexislación en materia de caza (remitímonos, neste punto, ao disposto na STSXG 9/2003, anteriormente citada).

Por último, en relación co apartado 5, recoméndase clarexar o significado, o alcance e a operatividade do denominado Fondo de Corresponsabilidade, así como a súa denominación (toda vez que, na redacción proposta, as achegas proceden da Administración autonómica, frente ao disposto na parte expositiva do anteproxecto na que se alude á solidariedade e a unha repartición equilibrada e equitativa da responsabilidade).

Artigo 56.- A seguridade nas cazarías

Debería mellorarse a redacción do apartado 1 toda vez que a proposta resulta de difícil comprensión.

Aconséllase manter unha orde lóxica nos diferentes apartados no precepto.

Polo que respecta á obriga de someterse ás probas de detección (prevista no apartado 9), tal obriga xa se recolle no artigo 45.4 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, remitíndonos, neste punto, e co fin de evitar reiteracións, ao estudo efectuado no informe desta asesoría xurídica ao anteproxecto de lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, no que, en esencia, se tiña en conta a doutrina do Tribunal Constitucional contida na

sentenza número 234/1997, do 18 de decembro, en relación coa obriga de someterse ás probas tendentes a demostrar a influencia na condución de drogas tóxicas, estupefacientes e substancias psicotrópicas.

Por máis abastamento, no apartado 9 resulta de difícil comprensión o inciso *"facultades normais do/a cazador/a pola súa capacidade de reacción"* (resulta máis clara a redacción do artigo 34.1.29) da vixente Lei de caza de Galicia, na que se alude ás facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción).

No mesmo apartado aconséllase aludir, non só aos corpos e forzas de seguridade do Estado, senón tamén aos axentes da autoridade dependentes da Administración autonómica (tal e como fai o artigo 45.4 da vixente Lei de caza de Galica) co fin de gardar a necesaria coherencia coa infracción prevista no artigo 78.41 do anteproxecto e coa previsión do último inciso do apartado 9 en relación cun eventual desenvolvemento regulamentario.

En relación co apartado 10 reitérase a recomendación efectuada respecto das remisións regulamentarias en branco, en especial tendo en conta os termos imprecisos da redacción proposta.

Artigo 57.- Uso e tenencia de cans de caza e aves de cetraría

No apartado 4 debería precisarse o termo *"organismo competente"*. Ademais, en relación coa remisión ao desenvolvemento por Orde, debería precisarse o alcance do termo *"contido"* da licenza.

No apartado 5 debería precisarse o suxeito ao que se está a aludir co inciso *" fóra do control deste polo que será responsable da correspondente infracción"* e , ademais, aconséllase suprimir o último inciso (relativo á tipificación da infracción) por resultar máis propio do título relativo ao réxime sancionador. Ademais, o disposto neste inciso non se corresponde coa infracción prevista no artigo 77.9 do anteproxecto, que non distingue entre épocas do ano.

En relación co apartado 6, aconséllase incluir unha referencia á posibilidade de recuperación dos cans (non só das aves de cetraría), tal e como fai o artigo 41.11 do vixente regulamento de caza.

Artigo 59.- Armas prohibidas para o exercicio da caza

O suposto no apartado 1.h) non semella propiamente un caso de arma prohibida, estando englobado na previsión do artigo 49.1.e) do anteproxecto.

O contido do apartado 2 non se corresponde coa rúbrica do precepto.

Artigo 60.- Municións

Aconséllase completar a prohibición contida no apartado 4 tendo en conta o disposto no artigo 62.3.j) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

En relación co apartado 8 remitímonos á recomendación efectuada en relación coas remisións regulamentarias en branco.

Artigo 61.- Dispositivos auxiliares

Aconséllase que a rúbrica do precepto sexa a de *"Dispositivos auxiliares prohibidos"* ou expresión similar, co fin de que tal rúbrica garde a necesaria correspondencia co contido do artigo.

En relación coa letra e) reitérase a recomendación efectuada en relación coas remisións regulamentarias en branco.

Artigo 62.- Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos

En relación co contido deste precepto, así como dos artigos 63 e 64, debe terse presente a regulación básica contida na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade, en especial o disposto no seu Título III (artigos 52 e seguintes).

En concreto, o disposto no apartado 1 vén ser, en parte, unha reproducción do disposto no artigo 62.3.a) da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Neste sentido, aconséllase substituir o inciso "medios" polo de "procedementos", empregado pola normativa básica estatal.

En relación co apartado 2, por unha banda, resulta de difícil comprensión o inciso *"así mesmo"* cando algúns dos medios e procedementos previstos figuran expresamente no Anexo VII da Lei 42/2007, do 13 de decembro, como procedementos masivos ou non selectivos. De feito,

aconséllase recoller con claridade alomenos todos os procedementos previstos no devandito Anexo VII.

No apartado 3 debería clarexarse a redacción co fin de garantir o respecto ao disposto no artigo 62.3.f) da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Artigo 63.- Protección e conservación de especies de caza

O disposto no apartado 1.d) non garda a necesaria correspondencia co previsto no artigo 47.1 do anteproxecto.

No apartado 1.f) semella existir unha reiteración na previsión de autorización (á que xa se alude, con carácter xeral, ao comezo do apartado 1).

Resulta de difícil comprensión o disposto no apartado 1.h).

Convén precisar o alcance do último inciso do apartado 1.l) ao aludir a "*exercicio ordinario da caza*".

Bótanse en falta certas prohibicións contidas no artigo 62.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Aconséllase clarexar o alcance do disposto no apartado 3.

Artigo 64.- Autorizacións especiais

En relación co apartado 1 debería precisarse a que prohibicións se está a aludir, se soamente ás previstas no artigo anterior (por razóns sistemáticas), a aquelas respecto das cales se contempla expresamente a salvidade de autorización ou a todas as contempladas ao longo do anteproxecto. Resulta fundamental, por razóns de seguridade xurídica, que se clarexe o alcance da posibilidade de outorgar autorizacións especiais.

Por máis abastamento debe terse presente que, se se está a aludir ás prohibicións do artigo 62 do anteproxecto, deberían respectarse os requisitos previstos no artigo 62.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, para a non aplicación da prohibición (no cal, como un dos requisitos, se contempla unha remisión ao artigo 58.1 da Lei 42/2007).

Cómpre clarexar o sentido do apartado 3 toda vez que a redacción proposta resulta de difícil comprensión. Neste sentido poderíase indicar, como fai o artigo 35.3 do regulamento de caza de Galicia, que " *O medio ou método autorizado será proporcionado ao fin que se persiga*".

En relación co apartado 4 debe clarexarse o significado da expresión *"período de información previa"*. Semella que se está a aludir ás actuacións previas previstas no artigo 12 do RD 1398/1993.

Artigo 65.- Modalidades de caza

En relación co apartado 5 reitérase a recomendación efectuada respecto das remisións regulamentarias en branco ao constituir as modalidades de caza un aspecto fundamental do texto legal.

Artigo 66.- Competicións cinexéticas

O precepto segue no substancial a liña do artigo 40 da Lei de caza de Cantabria.

No apartado 1 aconséllase incluir o inciso " *no que non se refire ás regras deportivas*" (tal e como fai o artigo 40.1 da devandita lei cántabra). Así mesmo, é recomendable contemplar certas cautelas, como as recollidas no artigo 40.3 da Lei de caza de Cantabria.

En relación co apartado 3 debería clarexarse o alcance do inciso *"con carácter especial"*.

Artigo 67.- A caza con outros fins

O precepto segue fundamentalmente o disposto no artigo 38 da Lei de caza de Cantabria, se ben neste texto legal soamente se prevé a caza por razóns de orde técnico ou científico.

Aconséllase, seguindo a liña do devandito precepto, recoller a esixencia de consentimento do titular así como precisar o alcance do inciso final do apartado 3 (*"conclusións da experiencia"*).

Artigo 68.- A vixilancia e o coidado da caza

No apartado 1 non só debería aludirse ao cumprimento da presente lei senón tamén, alomenos, á normativa de desenvolvemento daquela.

No caso de aludir, no apartado 1, á escala creada pola Lei 2/2000, do 21 de decembro, debería recollerse a súa denominación correcta: axentes facultativos medioambientais (esta recomendación se reitera para as restantes mencións a tales axentes que se fan ao longo do anteproxecto). Ademais, debería clarexarse a omisión da referencia aos axentes forestais (habida conta das funcións atribuídas á devandita escala de acordo co disposto no Decreto 293/1997, do 1 de outubro).

En relación co apartado 3.c), por unha banda, debería recollerse como regra xeral a obriga non só de comunicación da presenza senón de identificación e, en relación coa posibilidade de non identificarse, debería delimitarse con maior precisión os termos nos que se poderá facer uso dela, en especial no que atinxe a que se deixe constancia escrita polos axentes das causas que xustifiquen tal actuación.

A dicción do apartado 3.d) debería acoutarse toda vez que está concebida en termos excesivamente amplos.

En relación co apartado 3.e), os termos do precepto resultan excesivamente amplos polo que podería darse unha posible colisión cos dereitos á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe ou á inviolabilidade do domicilio. Por máis abastamento, en relación coa notificación, reiteramos a recomendación efectuada en relación co apartado 3.c), aconsellándose, ademais, precisar o alcance da expresión *"salvo casos de urxencia"*.

Artigo 69.- Os/as gardas de caza.

Seguindo a liña de varias leis autonómicas na materia, elimínase o carácter obrigatorio do servizo de vixilancia nos tecores.

No apartado 1, reitérase a recomendación de que en cada apartado se recolla un enunciado que conteña unha idea. Ademais, debería mellorarse a redacción dos dous últimos incisos. Neste sentido podería seguirse a liña do artigo 80.1 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia.

En relación co apartado 2, aconséllase clarexar a redacción da letra b) toda vez que a proposta resulta demasiado imprecisa (debería clarexarse se se alude á sanción administrativa e/ou á condena penal así como o alcance da expresión *" normativa relacionada co medio ambiente"*).

Nos apartados 4, 5 e 7 debería aludirse aos tecores e non xenéricamente aos terreos cinexéticos (por coherencia co disposto no apartado 1).

Debería clarexarse a relación entre os dous incisos do apartado 5 (en concreto se a prohibición de exercicio da caza no tecor é xeral ou só mentres estean desenvolvendo as súas funcións).

Aconséllase substituir o inciso final do apartado 6 polo seguinte: *"da Comunidade Autónoma de Galicia."*

No apartado 7 debería precisarse o alcance da expresión: *"servicio provincial competente en materia de caza".*

No apartado 8 debería substituirse o inciso inicial polo seguinte ou similar: *"O incumprimento das súas funcións producirá a revogación do seu nomeamento"*

Cómpre clarexar a redacción do apartado 9, en especial do seu último inciso.

A redacción do apartado 10 resulta excesivamente imprecisa, aconsellándose a súa redacción en termos máis precisos e claros.

Oitava.- Observacións ao Título V.- As entidades colaboradoras e os órganos consultivos.

Artigo 70.- As entidades colaboradoras

Se ben o artigo coincide sustancialmente co artigo 51 da vixente Lei de caza de Galicia, reitérase, en relación co apartado 2, a recomendación relativa ás remisións regulamentarias en branco.

Artigo 71.- Os órganos consultivos e asesores

Aconséllase que na rúbrica do precepto se empregue unha única denominación.

No apartado 1 debería precisarse a que Administración se está a aludir.

Aconséllase que se recollan con maior precisión as funcións e a composición dos comités, sen prexuízo dun posterior desenvolvemento regulamentario. Así mesmo, debería precisarse no texto legal o ámbito territorial dos comités.

Por outra banda, na medida en que no momento actual existe un Comité Galego de Caza e os comités provinciais de caza, no suposto no que se prevexa un cambio na súa composición e/ou funcións, debería recollerse no anteproxecto o correspondente réxime transitorio (que facilite o tránsito ao novo réxime previsto no anteproxecto) así como precisar na táboa de vixencias e na disposición derrogatoria a sorte que debe correr o Decreto 117/1983, do 27 de xuño.

Artigo 72.- A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza

O artigo 53 da vixente Lei de caza de Galicia alude á Comisión de Homologación de Trofeos de Caza. Salvo a denominación, a regulación contida no precepto que nos ocupa é similar á prevista no devandito artigo 52 polo que debería clarexarse se nos atopamos ante o mesmo órgano ou se trata doutro distinto. No caso de que se trate do mesmo órgano debería precisarse na parte final do anteproxecto o cambio de denominación. Pola contra, de tratarse dun novo órgano, debería recollerse un réxime transitorio (remitímonos, neste punto, á recomendación efectuada no artigo anterior).

Novena.- Observacións ao Título VI.- Réxime sancionador

Con carácter xeral en relación con este título convén traer a colación a doutrina xurisprudencial en relación co principio de legalidade e a súa aplicación ao réxime sancionador. Como lembra, entre outras, a STC 113/2002, do 9 de maio:

> *Xa na STC 42/1987, do 7 de abril (RTC 1987, 42) , F. 2, declaramos que o art. 25.1 CE «incorpora a regra "nullum crimen nulla poena sine lege", extendéndoa incluso ao ordenamento sancionador administrativo, e comprende unha dobre garantía. A primeira, de orde material e alcance absoluto, tanto polo que se refire ao ámbito estritamente penal como ao das sancións administrativas, reflexa a especial trascendencia do principio de seguridade nos devanditos ámbitos limitativos da liberdade individual e se traduce na imperiosa esixencia de predeterminación normativa das condutas ilícitas e das sancións correspondentes. A segunda, de carácter formal, se refire ao rango necesario das normas tipificadoras daquelas condutas e reguladoras destas sancións, por canto, como este Tribunal ten sinalado reiteradamente, o termo "lexislación vixente" contido no dito art. 25.1 é expresivo dunha reserva de Lei en materia sancionadora».*
>
> *(...) En concreto, en relación coa garantía material a que se encontra suxeita a potestade sancionadora da Administración, temos precisado que a predeterminación normativa supón a existencia de preceptos xurídicos («lex previa») que permitan predecir con suficiente grao de certeza («lex certa») as condutas infractoras e coñecer de antemán a qué atenerse en canto á anexa responsabilidade e á eventual sanción de que poida facerse merecedor o infractor (SSTC 219/1989, F. 4; 61/1990, F. 7 e 133/1999, F. 2).*
>
> *Así mesmo, con referencia á garantía formal tamén ten sinalado este Tribunal que, no contexto das infraccións e sancións administrativas, (...) «a reserva de Lei non exclúe neste*

> *ámbito "a posibilidade de que as leis conteñan remisións a normas regulamentarias, pero sí que tales remisións fagan posible unha regulación independente e non claramente subordinada á Lei" (STC 83/1984 [RTC 1984, 83]). Por conseguinte, a colaboración regulamentaria na normativa sancionadora só resulta constitucionalmente lícita cando na Lei que lle ha de servir de cobertura queden suficientemente determinados os elementos esenciais da conduta antixurídica e a natureza e límites das sancións a impoñer (STC 3/1988, fundamento xurídico 9). En definitiva, como xa dixemos na nosa STC 305/1993, o art. 25 da Constitución obriga ao lexislador a regular por sí mesmo os tipos de infracción administrativa e as sancións que lle sexan de aplicación, sen que sexa posible que, a partir da Constitución, se poidan tipificar novas infraccións nin introducir novas sancións ou alterar o cadro das existentes por unha norma regulamentaria cuxo contido non estea suficientemente predeterminado ou delimitado por outra con rango de lei.*
>
> *(...) Do exposto ata aquí dedúcese que a dobre garantía imposta polo art. 25.1 CE non se refire só á tipificación das infraccións, senón tamén, e en igual medida, ao establecemento das sancións aplicables.*
>
> *(...) Aínda máis, este Tribunal ten sinalado que a garantía de «lex certa» non resulta satisfeita tan só mediante a tipificación das infraccións e a definición e, no seu caso, gradación das sancións que poden ser impostas aos infractores, realizadas pola lei, senón que, además, é elemento esencial e lóxico da devandita garantía a determinación da correlación necesaria entre os actos ou condutas tipificados como ilícitos administrativos e as sancións conseguintes aos mesmos (SSTC 219/1989, do 21 de decembro, F. 4 e 207/1990, do 17 de decembro, F. 3).*

Tal e como indicaremos posteriormente, como recomendación xeral o texto debería gañar en precisión na tipificación das infraccións e das correspondentes sancións.

Ademais, tal e como se indicou máis arriba, aconséllase a inclusión, no Título relativo ao réxime sancionador, dun precepto regulador dos suxeitos responsables.

Artigo 73.- As denuncias dos/as axentes da autoridade

Por unha banda, atendido o seu contido, a ubicación sistemática do precepto non semella axeitada tendo en conta o concepto de actuacións previas no procedemento sancionador que recolle o artigo 12 do RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. Aconséllase a súa ubicación no capítulo relativo ao procedemento sancionador ou ben no artigo 68 do anteproxecto.

Por máis abastamento, polo que respecta ao contido concreto da disposición, aconséllase seguir a liña do 70 da vixente Lei de caza de Galicia e tamén por outras leis autonómicas (por exemplo, o artigo 81.3 da Lei de caza de Extremadura) ou ben respectar a dicción do artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 74.- Medidas provisionais

En relación co apartado 1 aconséllase delimitar os supostos nos que poderán adoptarse medidas de carácter provisional antes do inicio do procedemento sancionador (en liña co previsto no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Ademais, recoméndase recoller con maior claridade os tipos de medidas que, entre outras, poderán adoptarse, clarexando o sentido do último inciso (isto é, se só se poderán adoptar no caso de feitos que poidan ser constitutivos de infracción grave ou moi grave).

A previsión do apartado 3 debería acomodarse ao disposto no artigo 15 do RD 1398/1993.

Por máis abastamento, podería completarse a regulación das medidas provisionais cunha referencia á posibilidade dos seu alzamento ou modificación (artigo 72.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

En relación co apartado 4, non semella existir a necesaria correspondencia entre o previsto nel e no artigo 76.4 do anteproxecto (en especial nos apartados b) e c), nos que a devolución semella acordarse polo instrutor), recomendándose clarexar a relación entre tales preceptos co fin de evitar posibles incoherencias e disfuncións.

Artigo 75.- Comisos

O precepto segue en liñas xerais o disposto no artigo 65 da vixente Lei de caza de Galicia se ben recoméndase a inclusión dunha referencia aos supostos nos que poderá procederse ao comiso (tal e como fai o devandito artigo 65).

Artigo 76.- Retirada e devolución de armas

O precepto reproduce, no substancial, o disposto no artigo 63 da vixente Lei de caza de Galicia. Non obstante, cómpre efectuar as seguintes recomendacións.

No apartado 4.a) o termo sobreseemento non semella apropiado para aludir a un expediente administrativo. Poderíase substituir a expresión pola seguinte ou similar: *"cando o procedemento sancionador incoado non conclúa coa imposición de sanción algunha"* (expresión empregada no artigo 74.2 da Lei de caza de Cantabria).

No apartado 4.c) debería aludirse a *" proposta de resolución"*. Por máis abastamento, en relación coa apartados 4.b) e 4.c) reitérase o disposto anteriormente respecto da necesidade de clarexar a relación destes co artigo 74.4 do anteproxecto tendo en conta, ademais, que, pese a que a